



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2013

Sendo as 14:00 horas do día 25 de xuño de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación dona Sonia Mendez García, actuando como vocais dona Esther Nuñez Ayala, polo Grupo Municipal Socialista; dona Paz Abreira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular; don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello; don Luis Casais, Xefe da Asesoraía Xurídica o e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Tamén asisten ao acto público don Pablo Martínez Gomez en representación da mercantil COPCISA

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura primeiramente da xustificación presentada pola licitadora T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L sobre a valoración da súa oferta económica e os termos da mesma, xa que fora considerada anormal ou desproporcionada en aplicación do establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares e o artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas segundo consta na acta da Mesa de Contratación celebrada o días 22 de marzo de 2013. Deseguido procedeuse a lectura do informe técnico do enxeñeiro municipal correspondente a referida xustificación, no que se sinala que especialmente no relativo á maquinaria xa amortizada propiedade da propia empresa e á escasa carga de traballo, enténdese que pode ser aceptada, por lo que queda xustificada axeitadamente a oferta presentada.

Tendo en conta o exposto na alínea anterior os membros da mesa acordan admitir á licitación a mercantil T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO e procedese a continuación o estudo das ofertas económicas presentadas polos licitadores admitidos e que foron recollidas na acta da mesa de contratación celebrada o pasado día 7 de xuño de 2013; a vista do cal os membros da mesa acordan propoñer a adxudicación da contratación a mercantil T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO nas condicións incluídas na súa oferta por ser a oferta máis vantaxosa economicamente para o Concello coa abstención do Grupo Municipal Popular por non estar dacordo en que non se sepa onde se ubican as pistas a





Concello de Lugo

CONTRATACION

RD1

Ref: DESBROCE PISTAS 2013

Asunto: ACTA LECTUR INFORME BAIXA TEMERARIA E ADXUDICACIÓN

actuar así como por que non é a época do ano adecuada para realizar a tramitación deste expediente por considerar que xa é demasiado tarde.


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:15 horas, horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz



MURALLA
patrimonio da humanidade